

Viño e castañas puxeron onte a nota diferente ao xoves coruñés, día no que as presentacións de libros copan a actividade da meirande parte dos locais. Francisco X. Fernández Naval mantivo un encontro cos lectores para falar da súa última novela 'Unha cita co aire'

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

Escritor

## “Coñecerse a un mesmo debe ser a meta de todos os seres humanos”

“A sociedade actual leva que as relacións de amizade sexan máis superfluas”

Isabel Mariño

A CORUÑA

Naceu en Ourense en 1956 e desde neno a súa vida estivo moi vencellada a cultura cinematográfica, xa que seu pai traballaba no cine que fora do seu tío, e Francisco X. Fernández Naval non se cansa de dicir que “a vida é inferior ao cine na música”. “Na pantalla, nos momentos trascendentes da vida, sempre hai unha música que acompaña aos protagonistas”, sinala este “mercenario da administración” que por dúas veces adoptou á Coruña como cidade.

A Coruña é unha cidade difícil para os que traballamos na cultura galega e en galego

*Unha cita co aire* é o título da última novela deste autor, que se desenvolveu entre o río e o mar (o seu Ourense natal e a súa Coruña da alma), e que “fala da amizade” xogando coas sutilezas nas relacións persoais e que xira sobre os sentimentos, “aínda máis do que o fan” as súas outras obras.

—Que é para Fernández Naval

a amizade, ese tema sobre o que versa a novela?

—Amizade é compartir.

—E resulta sinxelo hoxe en día acadar una amizade sincera?

—A sociedade actual cada vez nos leva máis a ocultar os nosos sentimentos. O tipo de relación que se nos pide, igual que o tipo de vida, leva a que as relacións, mesmo as de amizade, sexan máis superfluas do que poderíamos pensar que son.

—Fai falla coñecer a un mesmo para atopar esa verdadeira amizade?


—Sen dúbida. E diría máis. Coñecerse a un mesmo debe ser a meta de todos os seres humanos. Coñecemos e coñecer para poder compartir.

—Ademais da forza dos sentimentos na novela ten un peso importante a música.

—Está chea de música. Eu sempre digo que é unha novela que acaba sendo lixeira en boa medida pola música.

—E transcurre entre Ourense e A Coruña, cidade que escolleu vostede para vivir ‘por decisión propia’.

—Escollina dúas veces, en realidade. É a cidade que máis me gustaba do país. Góstame fisicamente. É unha cidade difícil, non obstante, para os que traballamos na cultura e, sobre todo, na cultura galega e en galego. Na Coruña as relacións cos estamentos e persoas responsables da cultura son inexistentes. Pero a cidade non é iso, senón a súa xente maravillosa e o seu mar.



Francisco X. Fernández Naval. / PABLO CARBALLEIRA

## “Conservo a capacidade de soñar de neno”

Quería estudar xornalismo, pero daquela só podía marchar a Madrid, pero non obtivo a bolsa que necesitaba por “misteriosa razóns pola capacidade económica familiar”, así que finalmente fixo o que outros tantos ourensáns, opositar á administración. “Non me arrepinto, pero hoxe quizáis optaría por outra profesión”.

—Cal?

—A docencia. En determinados momentos tiven que dar clases e dicíamne que o facía ben. Góstame o fluxo de comunicación que se crea entre quen fala

e quen escoita e na docencia pódese producir moito.

—Presume de ser un ‘mercenario da administración’?

—No sentido de que a administración tende a ser inmovilista e eu levo moitos destinos e en moitos eidos diferentes. En certo modo, sigo a ser aquel Paco de 26 anos.

—De que xeito?

—Aínda conservo a capacidade de soñar de cando era neno, de pensar en que nada está perdido, o que agocha unha certa inocencia. Penso que volver a ese neno é o obxectivo da vida.